

**Título: “Descubriendo Curtis”**  
**Concurso “Somos Rural” Confederación de Anpas Galegas.**

Centro: IES dE CURTIS

Curso : ESO 3º A

Alumnado/a: Indicado na relación adxunta

Persoa de Contacto: Xosé Isidro Doporto Santos ( DPVA) 695269485.

**MEMORIA EXPLICATIVA**

**1.-Antecedentes.**

Tendo coñecemento no Ies de Curtis da proposta promovida pola Confederación de Anpas Galegas relativa ao presente concurso “somos rural”; dende o Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual se considerou que dita proposta encaixa perfectamente co currículo educativo de 3 ESO na materia de Educación Plástica no que se refire ao coñecemento do vídeo e deseño gráfico pero tamén nos aspectos relativos ao Plan Proxecta + que desenvolvemos co título de “cós pés na terra”, proxecto que pretende coñecer a Historia da Arte e o Deseño Plástico dende o máis cercano aos [alumn@s](#) ( as manifestacións artísticas e culturais do seu concello e bisbarra).

**2.- Proposta ao alumnado.**

No Ies de Curtis existen no Curso 22-23 tres grupos de aula en 3 ESO. As denominacións xenéricas son 3A, 3B e 3C.

Denominación	Número de Alumn@s	Alumn@s participantes
3ºA	17	17
3ºB	12	12
3ºC	6	6

Propúsose crear 2 grupos (pois 3ºC e 3ºB reciben docencia conxunto e formalmente forman un so grupo docente) do xeito seguinte:

Denominación dos equipos	Número de Alumn@s
3ºA equipo A	17
3ºB-C equipo B	18

de xeito que cada equipo debería de realizar as seguintes tarefas:

Tarefas a realizar en cada equipo	Quenes
Consulta sobre a Confederación de Anpas Galegas	Tod@s
Lectura e análise das bases do Concurso “Somos rural”	Tod@s
Elección por votación de Protagonista Video	Tod@s
Elección por votación de proposta tema video	Tod@s
Nomeamento Director e responsable grabación e fotografía.	Tod@s
Elección por votación título do proxecto	Tod@s

---

Nomeamento 3 persoas realización cartaz

Tod@s

Eleccións de 8-10 fotografías realizadas de xeito individual por todos os membros do equipo

---

Tod@s

---

NOTA: En relación á temática de cada grupo sopesouse, por parte do equipo docente, a realización de vídeos que requirisen grabación externa ao ámbito do centro escolar. Esta cuestión foi rexeitada pola dificultade de saídas, en horario escolar, a distintos puntos do Concello por alumnado menor de idade.

NOTA: Aos equipos informóuselles da posibilidade de non presentar o proxecto resultante ao Concurso no caso de non considerar, a ollos do profesorado da materia, que ditos proxectos non cumpriran algúns dos estándares legais solicitados.

### 3.- Proposta xeral temática do alumnado.

O grupo B elixeu unha temática relacionada coa posta en valor das vantaxes do Concello de Curtis como lugar de residencia. Un lugar de forte tradición rural centro xeográfico da Galicia Norte e que posee equipamentos e infraestruturas de alta calidade que á súa vez respeta e potencia a súa forte tradición agrogandeira. Noutras palabras, unha bisbarra rural que demanda estándares de vida da maior calidade.

**Este grupo A, en cambio, desmarcouse do anterior pois decidiron que o humor fose a liña predominante na posta en coñecemento de aspectos do rural tópicos e típicos para moitos dos turistas urbanos que nos visitan.**


**A falta de presa nas tarefas, o nome dos lugareños, unha volta en tractor, o ruído... son aspectos do rural sacralizados polo turista urbano que, insitimos, son tratados con humor polo noso equipo.**

### 4.- Proposta temática do alumnado EQUIPO A.

Este grupo de alumn@s realiza un vídeo onde se potencia a participación dunha soa actriz a cal mostra unhas altas dotes escénicas.

Propúxose a realización dun vídeo con humor

pero á vez que reflectise as vantaxe desta bisbarra e así xurdeu a historia que conxuga graciosamente sentimentalismo co choque que para un residente urbano pode representar o contacto co rural. Buscáronse diversas alternativas ata acadar o famoso vídeo do grupo PANTOMINA FULL sobre o turismo rural. Sirveu este vídeo así como base e referente para a realización para a entrevista.



O vídeo foi gravado dentro do perímetro do IES pero agregando fotografías e textos de elaboración debatida polo alumnado. A súa montaxe realizouse no programa Canva.

Na nosa opinión o mellor do vídeo é a ambivalencia entre realidade e ficción humorística ( con inclusión mesmo de referencias á RTVG ) que o convirten nunha historia de dubidosa fantasía real.



A pesar das limitación de horario ( 2 horas semanais de adicación na hora de educación plástica) a comprensión e o disfrute dos participantes foi máxima. Mesmo para a aportación humorística do cartaz (anuncio conferencia-coloquio) aproveitado un disfraz da nosa actriz realizado no antroido pasado.

As 8 fotografías presentadas representan o primeiro contacto dun alumnado de 14-15 anos con esta Arte e manifesta as limitacións de medios e residencia do alumnado a pesar do obtemos algunhos resultados dignos de mención

So nos queda agradecer nestas liñas a excelente iniciativa da Confederación de Anpas Galegas. Iniciativas desta índole permiten que o alumnado descubra e coñeza o seu patrimonio material e inmaterial cunha posta en valor que permitelles sopesar o orgullo de vivir o rural descubrindo as súas carencias en bondades

IES DE CURTIS ( A CORUÑA )  
ESO 3 22-23

# TURISMO RURAL CURTIS (A CORUNA)

CONFERENCIA-COLOQUIO

15 MARZO 2023  
12:00 SALON DE ACTOS

*Contoche a  
miña  
experiencia*



lo Curtis

*descubreu animais  
nunca ollados...*

COUSAS QUE PASAN !!!

